



## ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL, INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2020, POLA QUENDA LIBRE.

**RESULTADO DO PRIMEIRO EXERCICIO.-** Reunido o tribunal o día 21 de outubro de 2021, para proceder á cualificación do primeiro exercicio, tipo test, aplicando os criterios cualificadores establecidos na base 4ª das bases específicas do proceso selectivo e tendo en conta a nota de corte determinada polo tribunal, as persoas aspirantes aprobadas obtiveron as seguintes cualificacións:

ASPIRANTE	PUNTUACIÓN
LORENZO GARCIA, ARTURO	6
PEREZ PIÑEIRO, MANUEL ANGEL	5,3
GRANDE SANTOS, IGNACIO FRANCISCO	4,8

O Tribunal determinou que o número de respostas correctas esixidas para acadar a puntuación mínima se corresponde con **29 respostas acertadas**, unha vez descontadas, de ser o caso, a penalización por respostas incorrectas e non contestadas.

As/os aspirantes admitidas/os ao proceso selectivo e non incluídas/os na anterior relación ou ben non se presentaron, non superaron o exercicio ou foron automaticamente eliminadas do proceso, ao non seguir as instrucións que obran na mesma plantilla de respostas do exercicio, de conformidade coas normas lidas polo tribunal inmediatamente antes da realización deste.

### RECLAMACIÓNS E RECURSOS

O tribunal acordou establecer un prazo de dous días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, para que as persoas aspirantes poidan presentar reclamacións ante este tribunal en relación o resultado desta primeira proba, da fase de oposición, do proceso selectivo referido, que serán resoltas por este, pero sempre e cando cumpran as seguintes condicións:

- Deben formularse exclusivamente a través da sede electrónica do Concello de Pontevedra mediante a presentación de escritos no Rexistro electrónico.
- E deben formularse no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á publicación no taboleiro de edictos do Concello do resultado deste primeiro exercicio deste proceso selectivo que se se realiza mediante o sistema de tipo test.

Sen cumprir os requisitos expostos, este Tribunal non admitirá reclamacións.

Sen prexuízo da posibilidade de presentar reclamacións nos termos expostos, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados, neste caso, contra o primeiro exercicio tipo test e, especialmente as cualificacións do proceso selectivo referido anteriormente poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira do servizo de persoal e cultura), no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes das Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

No obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

**PUBLICACIÓN DO RESULTADO:** O tribunal dispuxo que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, situado na rúa Michelena núm.30 (baixo) e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) a relación coas cualificacións obtidas polo/as aspirantes aprobado/as.

